


1-PRINCIPIOS BÁSICOS DE ESTRATIGRAFÍA

1. **Principio da horizontalidade** :Os sedimentos deposítanse en **capas ou estratos** horizontais. Posteriormente poden sufrir deformacións , flexións ou fracturas ao seren sometidos a esforzos tectónicos.




2. **Principio da superposición dos estratos** (Steno, 1669) .Cada estrato é máis antigo que o que ten por enriba.



TEITO E MURO dun estrato:

O **teito** é a parte alta dun estrato e o **muro** é a base dese estrato.



3. Principio do uniformismo: os procesos ocorridos ao longo da Historia da Terra foron semellantes aos actuais : “o presente é a clave do pasado”. Por exemplo sabemos que os ríos redondean os sedimentos, polo que si unha rocha contén cantos rodados, supoñemos que son de orixe fluvial. Se atopamos restos de areas de dunas , sabemos que foi por acción do vento...etc

4. Principio de relacións de corte : “O que corta é posterior” . As rochas sempre son máis antigas que os fenómenos que as cortan (plegues , fallas, intrusións ígneas....)



Fallas cortando estratos máis antigos

Dique cortando estratos


2-DISCONTINUIDADES ESTRATIGRÁFICAS

Os estratos serán **CONCORDANTES** no caso de que sexan paralelos e exista continuidade de rexistro xeolóxico, é dicir, que non haxa interrupcións no proceso de sedimentación.

Sen embargo, a sedimentación nunha determinada área pode non ser continua se sufrir interrupcións, nas que a erosión pode actuar nesa zona. Posteriormente, volve a reanudarse a sedimentación, pero queda unha “cicatriz” que marca a interrupción á que chamamos discontinuidade.

2.1 TIPOS DE DISCONTINUIDADES

-DISCORDANCIA ANGULAR: é unha discontinuidade na que os estratos depositados antes da interrupción da sedimentación sufren un plegamento; polo tanto os que se depositen a continuación, non o farán de forma paralela aos primeiros, sinón formando un ángulo con eles. Observa a seguinte figura:



RECONSTRUCCIÓN DUNHA HISTORIA XEOLÓXICA

[youtube.com/watch?time_continue=17&v=Hdgdix934hE&feature=emb_logo](https://www.youtube.com/watch?time_continue=17&v=Hdgdix934hE&feature=emb_logo)

Cando reconstruímos unha historia xeolóxica dunha zona, primeiro debemos ordenar os estratos cronoloxicamente. Para iso, levantamos a **columna estratigráfica**: representación dos estratos ordenados na vertical e cos espesores correspondentes a cada un:

